



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. AGRA DE RAÍCES**  
Rúa Buenaventura Castro Rial s/n  
15270 Cee, A Coruña  
Telf.: 981 745 950 – Fax: 981 745 825  
ies.agra.raices@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

# **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

**IES AGRA DE RAÍCES**  
**CURSO 2018-19**

1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. XUSTICICACIÓN.....	4
2.1. Marco Legal.....	4
2. CONTEXTO SOCIAL, ECONÓMICO, CULTURAL E EDUCATIVO.....	5
3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO .....	11
3.1. Características físicas do centro e recursos materiais. ....	11
3.2. Oferta educativa.....	13
3.3. Alumnado.....	13
3.4. Persoal docente. ....	14
3.5. Personal non docente. ....	15
3.6. Órganos de coordinación docente.....	16
3.7. Órganos de goberno.....	17
3.8. Centros adscritos.....	18
3.9. ANPA .....	18
3.10. Servizos complementarios: .....	19
4. SINAIS DE IDENTIDADE E TRAZOS DISTINTIVOS. ....	20
4.1. Sinais de identidade .....	20
4.2. Trazos distintivos.....	22
4.3. Obxectivos xerais.....	23
4.4. Prioridades .....	24
5. CONCRECIÓNS CURRICULARES. ....	25
5.1. Niveis de concreción curricular. ....	25
5.2. As competencias clave na nosa concreción curricular.....	25
5.2.1. Aspectos en común en todas programacións didácticas. ....	28
5.3. Metodoloxía para lograr o desenvolvemento das competencias clave. ....	29
5.4. Avaliación.....	30
5.4.1. Marco Legal.....	30
5.4.2. Principios e carácter da avaliación. ....	31



5.4.3. Información ao alumnado e ás familias.....	31
5.4.4. Sesións de avaliación.....	33
5.4.5. Avaliación de materias pendentes.....	35
5.4.6. Avaliación competencias clave.....	35
5.4.7. Reclamacións.....	39
5.4.8. Criterios de promoción e titulación.....	41
5.4.9. Estratexias para acceder aos estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	44
5.4.10. Plans específicos para alumnado repetidor.....	45
5.5. Tratamento dos elementos transversais.....	45
5.6. Criterios para outorgar as mencións honoríficas e/ou matrículas de honra.....	50
5.7. Ofertas de materias específicas e de Libre configuración.....	52
5.8. Medidas organizativas para o alumnado exento da Francés.....	53
5.9. Medidas organizativas para o alumnado exento de lingua galega.....	54
6. MEDIDAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.....	55
6.1 Plan Xeral de atención á diversidade.....	55
6.2 Plan de Acción Titorial.....	55
7. PLANS, PROXECTOS E OUTRA DOCUMENTACIÓN.....	56
7.1. Normas de organización, funcionamento e convivencia.....	56
7.2. Plan de Convivencia.....	57
7.3. Proxecto Lingüístico.....	58
7.4. Proxecto Lector.....	59
7.5. Proxecto de promoción e hábitos de vida saudables.....	59
7.6. Proxecto de integración das TIC ou Proxecto de Educación Dixital.....	60
7.7. Plan Proxecta e Contratos Programa.....	64
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO.....	66
9. APROBACIÓN, DIFUSIÓN E AVALIACIÓN DO PEC COA SÚA TEMPORALIZACIÓN.....	66

## **1. INTRODUCCIÓN**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión. No capítulo II, artigo 120, queda establecido que os centros decentes, dentro da autonomía que se lles confire, deberán elaborar o seu propio proxecto educativo, que deberán facer público co fin de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

O proxecto educativo, segundo indica o Artigo 121 da mesma lei, deberá ter en conta as características da contorna social e cultural, recoller a diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios recollidos nestas leis.

O proxecto educativo é un documento aberto, que debe estar en constante revisión. En calquera caso, servirá de coordinación entre toda a comunidade educativa para levar a cabo os fins propostos.

## **2. XUSTIFICACIÓN**

### **2.1. MARCO LEGAL.**

Este PEC fundaméntase basicamente na seguinte normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE do 4/05/2006). Art.121, modificada parcialmente pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (BOE, 10/12/2013).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011) Art.10.
- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei 120/1988, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e de mulleres.

- Real Decreto 732/1995., do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do/a alumnos/as e as normas de convivencia nos centros (BOE, 2/06/1995).
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG.26/01/1999)
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia no que se imparten as ensinanza LOE (DOG.21/12/2011). Sección terceira.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG. 27/01/2015).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. 29/06/2015), Art.38.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG., 25/05/2010), Art.14.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG, 9/08/1996). Art.89 e 90.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG. 2/09/1997), Capítulo I.
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOGA 29/04/88).

## **2. CONTEXTO SOCIAL, ECONÓMICO, CULTURAL E EDUCATIVO**

O instituto Agra de Raíces está situado na rúa Buenaventura Castro Rial, S/N na vila de Cee, capital do concello do mesmo nome, na comarca de Fisterra, no territorio da Costa da Morte. A súa área de influencia abarca os concellos da comarca (Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía), Carnota e Mazaricos, estendéndose a outros concellos da Costa da Morte no caso do Ciclo Formativo.

O contexto social, económico, cultural e educativo da comarca de Fisterra é moi parecido ao das comarcas limítrofes con quen conforma o territorio da Costa da Morte, e ten marcadas diferenzas con respecto ao de Galicia, froito do illamento histórico e do escaso desenvolvemento económico, cultural e educativo. A recente apertura dun novo tramo da AG-55 (autoestrada e autovía da Costa da Morte) que comunica nestes momentos A Coruña con Baio debería contribuír a evitar este illamento.

No ano 2018 a bisbarra de Fisterra ten 21631 habitantes, segundo as fontes do IGE (Instituto Galego de Estatística) e do INE. Corresponden 7576 ao Concello de Cee, 1578 a Corcubión, 3040 a Dumbría, 4701 a Fisterra e 4736 a Muxía. A densidade de poboación é de 66 hab/Km<sup>2</sup>. Dende hai anos a bisbarra vén experimentando un decrecemento da poboación constante. A idade media é de 48 anos, a de maternidade 31 anos e o número de fillos/as por muller é de 1. A taxa de natalidade sitúase no 6,2 case un punto por debaixo da de Galicia. A poboación estranxeira apenas se achega ao 1% da poboación.

No que respecta ao Concello de Cee, onde se localiza o IES Agra de Raíces, obsérvase tamén un decrecemento constante da poboación dende o ano 2011 no cal se acadou un pico de 7920 habitantes. Os 7576 actuais repártense entre 3627 homes e 3949 mulleres. A idade media do concello é de 46 anos, un pouco por debaixo da media da bisbarra. A taxa de paro en xaneiro de 2019 era do 17,77%. Por tramos de idade a poboación de Cee divídese do seguinte xeito: de 0 a 15 anos, 1009 persoas; de 16 a 64 anos, 4662; e de 65 ou máis, 1905. O número de persoas de orixe estranxeira é de 154.

A comezos do século XXI a taxa de poboación activa da bisbarra estaba 10 puntos por debaixo da de Galicia, sendo o triplo nos homes fronte ás mulleres. Porén, o paro tiña un comportamento inverso, estando 4 puntos por riba do de Galicia, e sendo o dobre entre as mulleres que entre os homes. Estas tendencias aínda se seguen mantendo na actualidade en maior ou menor porcentaxe. Por sectores económicos, a ocupación maioritaria da poboación era no sector servizos pero 14 puntos por debaixo da porcentaxe galega. En segundo lugar, estaba o sector primario cunha diferenza de 11 puntos por diante da porcentaxe galega sendo especialmente salientable a pesca. O subsector da construción experimentou un incremento nos índices de paro nos últimos anos como consecuencia da crise. Na industria, cunha ocupación 6 puntos por debaixo do resto de Galicia, destaca a acuicultura, a industria

hidroeléctrica e a eólica. Nestes últimos anos obsérvase tamén un aumento constante no fluxo de turistas que visitan a zona e de peregrinos/as que continúan o Camiño de Santiago ata Fisterra. A meirande parte do tecido empresarial da bisbarra está formado por microempresas, destacando o concello de Cee como centro de aquelas dedicadas ao sector servizos.

No Concello de Cee para o ano 2018, a cantidade de poboación rexistrada no paro é de 533 persoas. Por sectores económicos, a ocupación maioritaria da poboación é no sector servizos, cunha afiliación en alta laboral de 1740 traballadores. En segundo lugar, está o sector da industria con 371 traballadores e o subsector da construción con 255. Por último, na agricultura e pesca figuraban rexistrados 154 traballadores. Os últimos datos de renda media dispoñible para o Concello de Cee estarían en 17.044 € fronte a media nacional de 20.930.

Segue sendo de actualidade o problema que supón para a bisbarra a cuestión laboral de Ferroatlántica e a intención de vender parte das centrais hidroeléctricas e das fábricas de ferroalixe de Cee e Dumbría coa conseguinte perda de postos de traballo e o correspondente impacto na zona. Este problema afecta directamente ás familias do alumnado do centro.

No que respecta á escolarización na comarca de Fisterra, a comezos de século, o 25% da poboación tiña menos de 5 anos de escolaridade, unha diferenza de 11 puntos por riba de Galicia. O 30% da comarca non acadara o graduado escolar, 3 puntos máis que en Galicia. O 7% acabara o Bacharelato, estando 4 puntos por debaixo da porcentaxe galega, e outro tanto unha formación profesional de grao medio ou superior. A porcentaxe de persoas con estudos universitarios era do 6%, 5 puntos por debaixo da galega. Na actualidade os cambios das tendencias son moi lentos aínda que cada vez máis persoas acadan estudos superiores e universitarios.

Con respecto ao idioma, descríbese unha realidade lingüística de predominio do uso do galego dun xeito moi maioritario entre a poboación da bisbarra. A inicios do século XXI practicamente a totalidade dos habitantes entende o galego e sábeno falar o 98% (7 puntos por riba da galega), ler o 70% e escribir o 60%, lixeiramente superior a Galicia. O 86% da poboación usa o galego habitualmente, estando a 29 puntos por riba da media galega, e só o 3% non o usa nunca, a 10 puntos por debaixo da galega.

En canto á estrutura familiar teñen unha especial incidencia as familias compostas por pais/nais, fillos/fillas e outros membros, maioritariamente de terceira xeración. Tamén é

significativo o número de familias retornadas da emigración a Europa, especialmente de Suíza, Reino Unido, Liechtenstein e doutros países como a República Dominicana, Venezuela, Arxentina e Cuba. Os escolares procedentes destas familias adoitan ter problemas de adaptación ao nivel académico que lles corresponde. A partir da recente crise económica a emigración volveu a reactivarse na bisbarra.

As rupturas familiares, segundo diversas fontes, acadan niveis por debaixo da media galega aínda que nos últimos anos obsérvase un incremento das separacións. Tamén a violencia machista está presente nas familias e na sociedade, aínda que nas estatísticas non aflora na súa verdadeira dimensión.

A violencia social acada índices baixos en global. A súa incidencia é, de xeito non uniforme, máis intensa nas vilas costeiras e de maior poboación. A mestura de violencia e de drogas segue sendo un binomio que explica a inseguridade cidadá nalgúns puntos da Costa da Morte. No referido ao consumo de drogas, diversas fontes sitúan a súa frecuencia nalgúns ambientes de ocio xuvenil, destacando o consumo de alcohol de fin de semana, as drogas de deseño, o cannabis e outras. O alcoholismo é unha adicción con notable presenza, e causa de problemas familiares e sociais. Recentemente obsérvase un incremento do interese dos adolescentes polas apostas realizadas a través de máquinas en cafeterías e lugares de ocio.

As infraestruturas e a planificación cultural dependen principalmente dos concellos, aínda que a iniciativa social tamén ten un peso importante na actividade cultural que se desenvolve na comarca. Caracterízase por unha dependencia económica das administracións públicas e por unha programación maioritariamente allea aos circuitos urbanos galegos. Destacan eventos de carácter popular e tradicional, e algún singular que trascende o ámbito da zona na súa proxección (ex. a mostra de teatro en Cee). En canto ás salas de cine, só a vila de Cee dispón de 3. No ano 2015 inaugurouse a esperada Casa da Cultura de Cee, unha moderna instalación con escola de música, sala de exposicións, biblioteca... e cunha variada oferta cultural para público infantil, xuvenil e adulto.

No campo da creación literaria a zona ten unha especial relevancia pola numerosa presenza de creadores, que nalgúns casos de xeito individual e noutros colectivamente, (Batallón Literario da Costa da Morte) están presentes nas letras galegas cunha meritoria e




recoñecida obra. Cabe destacar que gran parte destes escritores e escritoras formaron parte do alumnado do centro.



As infraestruturas educativas existentes na comarca de Fisterra e nos concellos de Carnota e Mazaricos suman un total de 29 centros educativos. A tendencia xeral é a unha diminución do alumnado que, no noso centro, é menos acusada manténdose nos últimos anos arredor dos 400. Neste curso 2018-2019 o número de alumnos e alumnas matriculados no centro é de 418. Os centros de Primaria adscritos ao noso instituto son o C.E.I.P. Eugenio López de Cee e o C.E.I.P. Santa Eulalia de Dumbría. En Bacharelato o noso IES recibe alumnado do IES Ramón Caamaño de Muxía, do CPI Plurilingüe Manuela Rial Mouzo de Cee pero tamén de centros de Fisterra, Carnota e Camariñas.

As seguintes gráficas amosan algúns aspectos significativos do contexto do noso centro e dos noso alumnado obtidos a través dunhas enquisas recentemente realizadas.


#### **Distribución do alumnado por sexos e lugar de nacemento**




**Residencia habitual do alumno/a**



**Acceso a internet**





### **Idiomas falados**

### **Relación das familias co centro**

En xeral, as relacións entre as familias do alumnado e o centro, xa se trate do profesorado xa do equipo directivo, son boas e fluídas, agás algunha excepción. A comunicación realízase a través dos titores/as, quen comunican periodicamente as faltas de asistencia e contan cunha hora semanal de recepción aos pais/nais ou representantes legais. Xefatura de Estudos comunícalles calquera tipo de incidencia que se produza, sobre todo, aquelas relacionadas coas faltas de conduta. Ademais, cóntase coa plataforma Abalar Móbil que lles permite ás familias obter información dos seus fillos/as, de forma inmediata.

Hai unha ANPA legalmente constituída, "Raíces", que colabora coas actividades extraescolares. As familias tamén contan con representación no Consello Escolar.

## **3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

### **3.1. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO E RECURSOS MATERIAIS.**

Os dous edificios principais do Instituto abranguen as seguintes instalacións:

- 16 aulas de grupo
- 1 aula Taller de Matemáticas
- 1 aula de desdobres.
- 1 aula de convivencia

- 1 Aula de Prácticas para o Ciclo.
- Aula de Audiovisuais.
- Aula de Música (sen insonorizar).
- 2 Aulas de Informática.
- Aula-Taller de Tecnoloxía.
- 2 aulas TIC
- Aula de Debuxo.
- Aula de Idiomas.
- Aula-Departamento de Francés.
- Laboratorios de Química, Física e Ciencias Naturais.
- 10 despachos para Departamentos, dous deles convertidos en Aulas de Reforzo (utilizadas polos profesores de Pedagogía Terapéutica).
- 4 Despachos para directivos.
- 1 despacho para orientación.
- Biblioteca
- Salón de Actos, con capacidade para 200 persoas.
- Oficina.
- Conserxería.
- Sala de profesores.
- Sala para recepción de pais.
- Cafetería.
- Arquivo, almacéns para limpeza...

Dentro do recinto do instituto atópanse tamén o Polideportivo cuberto, o Ximnasio, a Pista polideportiva descuberta e a casa do Conserxe.

No edificio antigo hai seis aulas, ocupadas tres delas polos 2º de Bacharelato. Tamén é aí onde se atopa o Salón de Actos (con capacidade para 200 persoas), o Departamento de Economía, unha aula de lecer e o local da ANPA.

### 3.2. OFERTA EDUCATIVA.

Actualmente o IES Agra de Raíces imparte a seguinte oferta formativa:

- ESO
- Bacharelato: modalidade de Ciencias
- Bacharelato: modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría
- Programa “That’s English”: Básico I e II e Intermedio I e II

Así mesmo, estanse levando a cabo diversos proxectos, dos que destacamos:

- Plan Proxecta, concretamente os programas *Correspondentes Xuvenís*; *Por 365 días de respecto e igualdade* e o *Proxecto didáctico Antonio Fraguas*.
- Contratos-programa: reforzo na competencia matemática para alumnado de 4º de ESO.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado: “Dirección e mellora de xestión”.
- Proxecto Abalar: consistente na introdución das TIC mediante o emprego de ordenadores nos cursos de 1º e 2º de ESO.
- Club de Ciencia.
- Dinamización da biblioteca: Plambe, proxecto E-LBE e Club de Lectura.
- ENDL

### 3.3. ALUMNADO.

No presente curso, a matrícula total é de 418 alumnos/as. En Ensinanza Obrigatoria hai 257, en Bacharelato 106 e 41 no Ciclo Formativo (25 alumnos/as no 1º curso e 16 de FCT que farán durante este curso as prácticas nos centros de traballo). A estes hai que engadir-lles 12 alumnos/as máis, que se matricularon a partir de decembro e que están realizando as prácticas (FCT) no primeiro trimestre de 2019. Respecto ao Programa “That’s English” hai 2 alumnos/as matriculados.

En resumo, a distribución do alumnado por cursos e niveis é a seguinte:

CURSO	Nº GRUPOS	Nº ALUMNADO	ALUMNADO CON NEAE
1º ESO	3	76	15
2º ESO	3	71	12
3º ESO	2	58	
4º ESO	2	52	8
1º BACH	2	65	
2º BACH	2	41	
1º CICLO	1	25	
2º CICLO+ FCT	1	16 +12	
THAT'S ENGLISH		2	

### 3.4. PERSOAL DOCENTE.

En canto ao profesorado que compón o claustro, no curso escolar 2018-2019, hai un total de 41 profesores e profesoras: 35 de Ensino Secundario, 2 de Ensino Primario, 2 de Pedagogía Terapéutica (un deles comparte o seu horario docente co CPI Santa Eulalia de Dumbría) e 2 Profesores Técnicos de Formación Profesional.

A distribución por especialidade quedaría da seguinte maneira:

Especialidade	P.Definitivo	P.Provisional	P.Compartido	P.Interino
- Matemáticas	3	1		
- Tecnoloxía	2			
- F e Q	1	1		
- Bioloxía	3			
- Ed.Física	1			1
- Xefa D.O		1		
- Xeo e Hist.	2	2		
- L. Galega	3	1		
- L.Castelán	2	1		
- Inglés	2	1		

- Francés	1			1
- Filosofía	1			
- Música	1	1		
- Debuxo		1		
- P.T.	1		1	
- Ciclo Medio	1			1
- Latín/Grego	1			
- Economía				1

\*Relixión: 1 profesor (persoal laboral)

Como se pode apreciar, aínda que o claustro non se atopa consolidado xa que cada ano recibe un número elevado de persoal non fixo (interinos e profesorado provisional), cada curso o número de persoal definitivo é maior. Este aspecto facilita o feito de poder formular obxectivos co alumnado a medio e longo prazo, así como acadar unha maior implicación do profesorado en proxectos do centro.

### 3.5. PERSONAL NON DOCENTE.

O persoal non docente do IES Agra de Raíces está formado por unha auxiliar administrativa, dous subalternos e tres limpadoras. A relación é a seguinte:

O persoal non docente está composto por 2 subalternos, 1 auxiliar administrativa e 3 limpadoras.

As tarefas do persoal non docente realízanse no seguinte horario:

- administrativa: de 07:45 a 15:15 de luns a venres.
- subalternos: luns, mércores e xoves de 08:20 a 14:10 horas e de 16:30 a 18:10 horas e martes e venres de 07:45 a 15:15 horas.
- limpeza: de 14:20 a 21:50 horas ou de 13:20 a 20:50 h.

Durante ese período realizan os deberes recollidas no marco das funcións establecidas pola normativa vixente e en particular polos convenios e regulamentos correspondentes.

### 3.6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES. (DOG 09-08-96) no seu artigo 53º establece que nos Institutos de Educación Secundaria existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

#### 1. Departamentos:

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das materias.

a) Departamento de orientación.

b) Departamento de actividades complementarias e extraescolares que se encargará de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades e o xefe/a do departamento será o vicedirector/a.

c) Departamentos didácticos.

#### 2. Outros órganos:

a) Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Está integrada polo director/a, o xefe/a de estudos os/as xefes/as de departamento, o/a coordinador/a do equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, o profesor/a de apoio aos alumnos/as con necesidades educativas especiais e, o coordinador/a de formación en centros de traballo.

b) Coordinador/a de formación en centros de traballo que coordinará aos titores/as de ciclos formativos.

c) Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega que entre as súas competencias está a de presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro.

A coordinación didáctica entre o equipo directivo e os distintos departamentos didácticos levarase adiante a través das distintas reunións da CCP, que serán convocadas ao longo do curso.

Os departamentos didácticos centrarán o seu traballo en:



- Valorar os resultados académicos de cada avaliación para facer aqueles cambios que consideren oportunos en relación a adaptacións curriculares, reforzos...

- Elaborar un plan de seguimento dos alumnos/as con materias pendentes e decidir cales serán os sistemas de recuperación para eles.

### **3.7. ÓRGANOS DE GOBERNO**

O Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES. (DOG 09-08-96) establece os órganos de goberno.

#### **1. Unipersoais.**

O artigo 7º e seguintes fan referencia aos órganos unipersoais de goberno e ás súas funcións, e que o constitúen o equipo directivo do instituto.

- Director/a
- Xefe/a de estudos
- Secretario/a
- Vicedirector/a

#### **2. Órganos colexiados de goberno**

- Consello Escolar
- Claustro de profesores

O artigo 36º e seguintes establecen que o Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar e definen as súas atribucións.

No seo do Consello Escolar están constituída as seguintes comisións: Comisión Económica, Comisión de Convivencia e Comisión de Biblioteca. No IES Agra de Raíces contamos cunha Comisión da Aula de Lecer.

O artigo 46º e seguintes establecen que o Claustro de profesores é o órgano propio de participación no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.

O claustro estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo nel e será presidido polo director/a do centro.

### **3.8. CENTROS ADSCRITOS**

O I.E.S. Agra de Raíces está situado no concello de Cee, na comarca de Fisterra dentro da “Costa da Morte”, provincia de A Coruña.

A nivel da ESO, o alumnado procede de Cee, principalmente sendo os seus centros adscritos CEIP Eugenio López e CEIP Santa Eulalia de Dumbría. Tamén se poden matricular todos os alumnos/as da zona que o desexen, sempre é cando haxa prazas dispoñibles.

A nivel de Bacharelato, aparte do Concello de Cee, a área de influencia son os concellos de Carnota, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía. Así pois, os centros adscritos son: CPI Manuela Rial, de Cee e o IES Fin do Camiño, de Fisterra. Pero tamén acollemos alumnado do IES Lamas de Castelo, de Carnota; IES Ramón Caamaño, de Muxía, CPI Nosa Señora do Carme, de Fisterra e o CEIP Mar de fóra, de Fisterra, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.

### **3.9. ANPA**

A ANPA, legalmente constituída, que agrupa e representa as nais e pais dos nosos/as alumnos/as chámase “Raíces”. Constitúe un elemento da comunidade educativa eficaz para a comunicación e participación dos pais/nais no desenvolvemento das actividades do centro, en especial, na planificación e xestión das actividades extraescolares.

Para o centro é importante manter un óptimo nivel de comunicación e participación dos pais/nais na actividade diaria, o que favorece que as relacións entre os diferentes actores da comunidade educativa sexan, en xeral, boas e fluídas.

A comunicación faise efectiva a través dos titores/as, quen comunican periodicamente as faltas de asistencia e contan cunha hora semanal de recepción aos pais/nais ou representantes legais e da Xefatura de Estudos quen comunica calquera tipo de que incidencia que se produza, sobre todo, aquelas relacionadas coas faltas de conduta.

Ademais, cóntase coa plataforma Abalar Móbil que lles permite ás familias obter información dos seus fillos/as, de forma inmediata.

A ANPA está representada no Consello Escolar.

### 3.10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

#### **Transporte escolar**

O alumnado da ESO matriculado no noso centro, cuxa residencia se encuentre fóra do núcleo urbano a unha distancia superior aos dous quilómetros, considérase usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto. Ademais, sempre que queden prazas libre no transporte escolar, os alumnos/as de Bacharelato poden usalo. Da mesma forma, ocorre cos alumnos/as da ESO e do Bacharelato do IES Fernando Blanco, que deben solicitar a autorización excepcional á Xefatura Territorial.

Funcionan sete rutas, atendidas polas empresas: Autocares Facal S.L., Empresa Monforte S.A., Juan Pérez Castiñeira e Luber S.L., que están contratadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de A Coruña.

Os itinerarios e as paradas que se realizan polas distintas empresas de transporte son os seguintes:

- Empresa Autocares Facal S.L.
  - A Igrexa/Casanova – Hospital – Paradela (15,3 km)
- Empresa Monforte S.L.
  - Vilar Toba – Xallas – Lobelos Abaixo – Lobelos Arriba – Bedán – Chafaris – Bermún Feiranova – Fonte Macías – Carrizal – Travesas – Cantorna – Pereira – Pereira – Pereiriña San José – Pontenova (11,9 Km)
  - Avda Fernando Blanco – Dumbría – Cruce Castro – Cruce Ferrio – Figueiroa – Cheo – Sanxumil – Caforra – Alvarellos – Sarteguas – Boudañeira (23,5 Km)
  - Valdepeñas – Vilanova – Codesos – Rebordelo – Salgueiros – Bustelo – SerpeCruce Serna – Campo Berdeoga – Sabade Cruce – Chain – Farrapa – Berdeogas (20,1 Km)
  - Camiños Chans – Brens Pontella – Raso – Fadibón – Carboal – Martín – Carballa – Cerván Cruce – Miñóns – O Cruce – Cruce Filgueira – Anseán – Xestosa – Cruce Covas – S. Crimenzo – Santa Uxía (25,7 Km)
  - Estorde de Abaixo – Toba de Abaixo – Toba de Arriba – Sembra – Cabaleriza Tedín – Ruibo – Porcar – Lires – Canosa (23,3 km)

- Empresa Luber S. L.
  - Botellóns – Casa Ramiro – Aritas – Ameixenda Lamas – Ameixenda Igrexa – Gures – Ézaro (9,1 Km).

### **Cafetería**

No centro temos unha cafetería para uso exclusivo do persoal do centro e o seu alumnado. No curso 2017-18 saíu unha nova convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA) para a súa contratación, pasando de ser unha "xestión de servizos públicos" a unha "concesión de servizos públicos". Así pois, unha vez presentadas as solicitudes ante a consellería, é ela a que resolve e concede o servizo para o curso escolar. A concesión é anual, prorrogable a dous, e, non se poderá abrir, mentres a concesión non estea resolta.

## **4. SINAIS DE IDENTIDADE E TRAZOS DISTINTIVOS.**

### **4.1. SINAIS DE IDENTIDADE**

Os sinais de identidade que definen o noso centro educativo son as seguintes:

1. Compromiso na defensa do ensino público, e neste senso desenvolveranse e promoveranse iniciativas orientadas a fomentar a dimensión pública na súa contorna.
2. Concepción da educación como un servizo á sociedade, participando da súa concepción como un elemento compensador das desigualdades sociais.
3. Independencia de todo grupo político, económico e relixioso, pero, como todo proxecto, ten unha determinada concreción non neutral nun modelo social. Nesta liña no IES Agra de Raíces preconízase un modelo de centro plural e solidario, onde ninguén se sinta discriminado por motivos ideolóxicos, crenzas..., é dicir, unha ensinanza baseada na defensa dos valores e principios democráticos e dos dereitos humanos.
4. Busca, na liña do relatado anteriormente, dun centro integrador, tanto das desigualdades de tipo físico como psíquicas ou sociais, utilizando os medios necesarios para brindar ao alumnado, coma un dereito de seu, a posibilidade real dun desenvolvemento o máis completo posible.

5. Adquisición do compromiso da participación e xestión democrática por parte de todos os membros da comunidade escolar.

6. Compromiso activo coa solidariedade, coa paz desde a non violencia, e co medio ambiente, a igualdade entre sexos e a non violencia contra as mulleres.

7. Defensa da nosa contorna e do medio ambiente, polo que unha das nosas prioridades neste sentido será inculcar nos nosos alumnos/as a conciencia ecolóxica e o respecto e salvagarda da natureza e dos seus recursos.

8. Defensa da Lingua Galega, sendo a nosa lingua vehicular e de traballo. Todas as nosas actividades, así como as diferentes comunicación serán sempre en galego.

9. Realización de encontros e actividades con centros doutros países, para así desenvolver intercambios e experiencias enriquecedoras tanto para o alumnado coma para o profesorado.

10. Valoración de que a verdadeira calidade de ensino é aquela que brinda a posibilidade dun desenvolvementoo máis completo posible. O noso centro desenvolverá iniciativas cara a formación dun alumnado con espírito crítico, creativo e cunha actitude de aprendizaxe constante na vida, cunha concepción do coñecemento como un saber non definitivo.

11. A nosa maneira de entender as aprendizaxes escolares parte da base de que é o alumno co seu activismo, a través da mediación do profesor/a, o/a responsable da construción do seu coñecemento. Polo tanto, toda intervención do educador/a tenderá a enlazar os novos coñecementos cos previos do alumno/a, facilitando deste xeito aprendizaxes máis significativas.

12. Apóstase polo uso de estratexias que contemplan a importancia do contexto próximo, para saber aproveitarse del e así chegar ao global.

13. Defensa dunha escola permeable e aberta aos procesos socioculturais, onde teña sentido o tratamento dos temas transversais como concepción dun coñecemento interdisciplinario e non en compartimentos estancos e aberta aos avances científico-tecnolóxico.

14. Defensa dunha pedagogía integradora que atenda á diversidade do alumnado.

## **4.2. TRAZOS DISTINTIVOS**

### **1. Formación curricular do alumnado:**

- Materias de libre configuración: DELF, Robótica, Impresión 3D, Hábitos de vida saudable, Paisaxe e Patrimonio, Obradoiros de Música...
- That`s English
- Contratos Programa.
- Ciclo Medio de Coidados Auxiliares de Enfermería.

### **2. Mellora da formación do alumnado**

- Club de Ciencia
- Plambe e Club de lectura
- Plan Proxecta: Correspondentes Xuvenís, Por 365 días de igualdade e Proxecto Antón Fraguas
- Intercambio con Francia

### **3. Mellora da convivencia do centro**

- Aula de convivencia
- Escola de pais e nais

### **4. Actividades extraescolares**

- Aula de lecer
- Excursión 1º ESO
- Excursión 4º ESO a unha capital europea
- Excursión 1º BAC a neve (Andorra)

### **5. ABAU**

- Celebración das ABAU no noso centro

### 4.3. OBXECTIVOS XERAIS

1. Desenvolver capacidades cognitivas, da personalidade..., entre os nosos alumnos e alumnas.
2. Mellorar a calidade do ensino, isto é, ofrecer un ensino de calidade, e loitar dende a nosa comunidade educativa para que a calidade de ensinanza que se imparte vaia en aumento, esixindo á Administración Educativa os medios necesarios para acadar este obxectivo, que consideramos prioritario.
3. Potenciar a orientación do alumnado.
4. Fomentar a formación continua do profesorado.
5. Coordinar os departamentos para desenvolver os contidos transversais e interdisciplinarios, así como para potenciar un ensino activo, no que se desenvolva a iniciativa e a creatividade.
6. Avaliar dentro dos parámetros establecidos pola lei vixente, tendo en conta os obxectivos e as competencias.
7. Contribuír a mellorar o nivel cultural da bisbarra, de xeito que incida de maneira positiva no seu desenvolvemento económico.
8. Potenciar o uso das TIC.
9. Implicar ao centro na realidade social.
10. Ser permeables aos cambios, acontecementos sociais e influencias externas.
11. Promover a colaboración, o intercambio e a coordinación entre os centros educativos da contorna.
12. Fomentar a sensibilización cara aos problemas do medio ambiente.
13. Impulsar os intercambios culturais e de opinións que abran expectativas cara outras realidades.
14. Desenvolver actitudes, valores e normas de respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
15. Concienciar sobre os dereitos e deberes.
16. Impulsar o exercicio dos dereitos democráticos e a participación nos procesos e acontecementos do centro.

17. Promover o respecto polo pluralismo ideolóxico evitando dogmatismos e adoutramentos.
18. Lograr que os principios democráticos rexan o funcionamento do centro.
19. Superar os estereotipos sexistas e promover a igualdade de oportunidades, isto é, traballar a coeducación.
20. Establecer unha comunicación e información baseadas no diálogo, o respecto, a aceptación e a estima mutuas.
21. Promover a prevención para evitar a aparición de conflitos.
22. Respetar o espazo público como patrimonio común.

#### **4.4. PRIORIDADES.**

De todos estes obxectivos vistos anteriormente, destacamos os seguintes que se concretarán nos procedementos de actuación anuais:

1. Desenvolver accións que melloren a convivencia escolar.
2. Favorecer a mellora continua no funcionamento dos departamentos didácticos e as coordinacións entre os mesmos.
3. Adoptar medidas de atención á diversidade que favorezan a aprendizaxe ao alumnado que presente dificultades académicas.
4. Impulsar as relacións institucionais do centro coa contorna e fomentar a participación das familias na vida do centro.
5. Empregar metodoloxías, recursos e novas tecnoloxías que melloren a calidade do ensino.
6. Fomentar a participación en actividades complementarias e extraescolares con finalidade esencialmente educativa.
7. Proporcionar ao alumnado unha eficaz orientación académica e profesional a través das titorías como instrumentos educativos.
8. Fomentar o coidado do medio e promover medidas de aforro.
9. Potenciar a igualdade entre homes e mulleres.



## **5. CONCRECIÓNS CURRICULARES.**

### **5.1. NIVEIS DE CONCRECIÓN CURRICULAR.**

Estableceuse un modelo de traballo, organizado en tres niveis de concreción curricular. En primeiro lugar, un nivel de concreción curricular de centro no que se consensaron acordos xerais por parte do claustro como poden ser: priorización de descritores das CC, metodoloxía e traballo en tarefas, establecemento de correlacións entre obxectivos de etapa, de materia, criterios de avaliación, CC e contidos.

En segundo lugar, un nivel de concreción intermedio, onde os acordos adoptados anteriormente se reflectirán por parte dos departamentos didácticos nas súas programacións correspondentes.

Por último, un terceiro nivel de concreción curricular onde todas estas propostas teóricas se leven á práctica por parte do profesorado nas súas programacións de aula. Polo tanto, todos os procesos de ensinanza-aprendizaxe (tarefas, exercicios, actividades, lecturas, etc.) deben ser consecuentes coas propostas pedagóxicas tomadas.

### **5.2. AS COMPETENCIAS CLAVE NA NOSA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

Os descritores priorizados en cada CC son os seguintes:

#### **a. Competencia en Comunicación lingüística (CCL)**

1. Conversar. Dialogar: escoitar e falar. Interactuar lingüísticamente de forma adecuada e adaptar a comunicación ao contexto.

2. Expresar e interpretar de forma oral e escrita pensamentos, aprendizaxes, coñecementos, emocións, vivencias, opinións e creacións.

3. Ler e escribir.

4. Comprender textos literarios e non literarios.

#### **b. Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):**

1. Coñecer, manexar e aplicar os elementos básicos (tipo de números, operacións básicas, unidades, elementos xeométricos, etc. ) en situacións da vida cotiá e de calquera ámbito de coñecemento.

2. Aplicar o razoamento matemático a aquelas situacións cotiás que o precisen, así como producir, interpretar e valorar distintos tipos de información.

a) Expresar con claridade informacións, datos e argumentacións.

b) Identificar, seleccionar e aplicar as técnicas e estratexias de resolución de problemas.

c) Identificar a validez dos razoamentos e informacións (seguindo procesos e pensamento como a indución, ensaio-erro, etc).

d) Representar e interpretar os datos obtidos no seu contexto.

3. Aplicar o pensamento científico para analizar, interpretar e predecir fenómenos naturais ou xerados pola acción humana.

4. Desenvolver o espírito crítico na observación da realizada facendo fincapé:

a) Uso de recursos naturais.

b) Coidado do medio ambiente.

c) Hábitos de consumo.

d) Análise de mensaxes informativos e publicitarios.

e) Protección da saúde tanto individual como colectiva.

### **c. Competencia Aprender a Aprender (CAA).**

1. Coñecer as propias potencialidades e carencias, sacar proveito das primeiras e motivarse a superar as segundas:

a) Aceptar erros e aprender dos demais.

b) Propor metas alcanzables a curto, medio e longo prazo.

c) Perserverar na aprendizaxe.

d) Adquirir confianza en si mesmo e gusto por aprender.

e) Planificar e organizar actividades e tempos.

f) Administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse.

2. Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística, motivación de logro...

3. Saber transformar a información en coñecemento propio:

a) Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

b) Coñecer e usar diferentes recursos e fontes de información.

#### **d. Competencia Dixital (CD).**

1. Usar tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, acometer tarefas, aprender e comunicarse.

2. Buscar, seleccionar, rexistrar, tratar, analizar, comunicar a información e os coñecementos empregando diferentes recursos, ademais das TICs.

#### **e. Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).**

1. Ter un coñecemento básico das principais manifestacións culturais e artísticas valorando a diversidade cultural e o patrimonio.

2. Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.

#### **f. Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE).**

1. Afrontar a toma de decisións, racional e criticamente.

2. Adquirir responsabilidades e compromisos.

3. Ser capaces de traballar mediante proxectos.

#### **g. Competencias Sociais e Cívicas (CSC).**

1. Coñecer, comprender e respectar a pluralidade da sociedade, valorando as diferenzas e recoñecendo a igualdade de dereitos.

2. Coñecer e adquirir habilidades sociais básicas que contribúan á convivencia.

3. Coñecer os trazos e os valores do sistema democrático e poñelos en práctica mediante accións de liberdade, igualdade, solidariedade e tolerancia.

### **5.2.1. ASPECTOS EN COMÚN EN TODAS PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS.**

1. Índice
2. Introducción e contextualización
3. Competencias clave
  - 3.1. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.
  - 3.2. Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.
4. Obxectivos didácticos
  - 4.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
  - 4.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.
5. Tratamento do tempo e dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso.
6. Concrecións metodolóxicas
  - 6.1. Principios metodolóxicos xerais
  - 6.2. Didáctica de aspectos concretos dentro de cada materia.
  - 6.3. Estratexias metodolóxicas.
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente.
  - 9.1. Concreción dos indicadores
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes.
11. Deseño da avaliación inicial, e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
12. Medidas de atención á diversidade.
13. Os elementos transversais. Concreción en cada curso.
14. Accións de acordo co Plan Lector.
15. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo Departamento.
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

### **5.3. METODOLOXÍA PARA LOGRAR O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A metodoloxía empregada debe favorecer a consecución das nosas intencións e obxectivos educativos. Para iso, debemos fomentar:

1. A atención á diversidade do alumnado. A nosa intervención educativa co alumnado asome como un dos seus principios básicos ter en conta os seus ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

2. Unha metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asumindo o profesorado o papel de mediador e motivador. Priorizaranse as aprendizaxes reflexivas, significativas e funcionais que estimulen ao alumnado a actuar libremente, desenvolvendo habilidades que lles proporcionen autonomía, que fomenten o traballo colaborativo, que melloren as súas competencias comunicativas e que os sitúen no mundo de hoxe coa adecuada orientación vocacional e profesional.

3. A motivación. Considérase fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e das alumnas.

4. Integración activa do alumnado-clase, é dicir, a participación, o respecto das normas de aula, a corresponsabilidade, etc.

5. Alternancia de estratexias didácticas expositivas e de estratexias didácticas de indagación. Partirase do aspecto vivencial e real para chegar posteriormente a un plano máis xeral.

6. A coherencia educativa, xa que se traballará a nivel de equipo e en colaboración coa familia.

7. O esforzo persoal e adquisición duns hábitos de traballo.

8. A implementación gradual do traballo en tarefas como un dos camiños para lograr o desenvolvemento das CC.

## 5.4. AVALIACIÓN

### 5.4.1. MARCO LEGAL

Para a avaliación o centro terá en conta o recollido nos seguintes documentos oficiais:

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE do 29 de xaneiro de 2015)
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula no capítulo IV a avaliación, promoción e titulación ao abeiro da LOMCE.
- Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do Bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 4 de maio de 2010).
- Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.
- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 30 de xullo de 2016).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG do 21 de xullo de 2015).
- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 22 de maio de 2018).

#### **5.4.2. PRINCIPIOS E CARÁCTER DA AVALIACIÓN.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

- Continua: cando o progreso dun/dunha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Formativa: será un instrumento para a mellora tanto dos procesos do ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- Integradora: debrá terse en conta dende todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter inetegrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente. Esta avaliación farase a través de dúas vías:

1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente feito de xeito conxunto por todo o alumnado do grupo e coordinado polo seu/súa profesor/a titor/a. As conclusións levaranse á reunión de avaliación correspondente par a súa análise e recolleranse en acta.

2. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente individual de cada profesor/a, segundo estean recollidas na súa programación. As conclusións desta avaliación trataranse nunha reunión de departamento para a súa análise e recolleranse en acta.

#### **5.4.3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.**

Tal e como se recolle no DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no Artigo 6:

*“... os pais, as nais ou os/as titores legais deberán apoiar e participar na avaliación do proceso educativo dos seus fillos/as o tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas*

*á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se realicen aos seus fillos/as ou tutelados, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, y demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.*

*Os centros docentes promoverán compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros/as se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.”*

Polo establecido anteriormente, ao comezo de cada curso escolar, o profesorado titor será o encargado de recibir aos seus alumnos/as titorados, de levalos á súa aula habitual e trasladarlles a información inicial imprescindible para o comezo do novo curso nas mellores condicións posibles e da forma máis axeitada (horario, normas de organización, xustificantes de faltas...). Así mesmo, o centro organizará unha xornada de recepción ás familias nas primeiras semanas do curso, para que poidan coñecer de primeira man os elementos máis relevantes do inicio do curso, así coma as diferentes canles de intercambio de información entre centro e familias (profesorado titor, teléfono, Abalar móbil,...)

Como norma xeral, o profesorado titor de cada grupo será o encargado de recibir persoalmente as familias para achegarlles a información máis relevante da evolución académica dos alumnos/as. Preferentemente estas reunións terán lugar nun espazo do centro habilitado para as mesmas e durante a hora fixada no horario do profesor/a titor/a. Por iso, tamén se recomenda que ditas reunións se concerten coa antelación suficiente coma para que o/a titor/a poida recoller a información académica máis relevante a transmitir.

Así mesmo o profesorado das distintas materias tamén terá asignada unha hora dentro do seu horario para titorías, a que se pode facer extensible a argumentación feita no parágrafo anterior.

Ademais, o Departamento de Orientación do centro estará a disposición do alumnado e das familias para o asesoramento na elección dos diferentes itinerarios académicos de cada



etapa, así como do mundo laboral ou educativo, facilitando a súa transición ao rematar as diferentes etapas educativas que se cursen no centro.

#### **5.4.4. SESIÓNS DE AVALIACIÓN.**

Para entender o proceso de avaliación, nas diferentes sesións débense ter en conta os documentos de avaliación e os instrumentos.

- Documentos de avaliación: o profesorado conta cos seguintes documentos á hora de avaliar:
  - Programacións didácticas: Como marco de avaliación de cada materia, e nas cales deben recollerse os contidos da materia, os estándares de aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación, así como os mecanismos de revisión da avaliación efectuada en función dos resultados académicos obtidos. Ademais, toda programación debe recoller mecanismos de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
  - Informe persoal da evolución académica ao longo do curso.
  - Actas de avaliación.
  - Expediente académico.
  - Consello orientador na ESO: Na avaliación final de cada curso da ESO, farase unha valoración da adquisición de cada unha das competencias clave por parte do alumno/a, reflexándose os resultados obtidos (IN (insuficiente), SU (suficiente), BE (ben), NT (notable), SB (sobresaínte) ) nun consello orientador elaborado polo/a profesor/a titor/a co asesoramento do Departamento de Orientación. Nel recollerase unha proposta, meramente informativa, do itinerario académico máis axeitado para o/a alumno/a.
- Instrumentos: Aparecen recollidos en cada programación didáctica, axustados ás necesidades e esixencias de cada materia.
- Sesións de avaliación: Establécense un mínimo de 5 reunións do equipo docente que imparte clase nun grupo para facer unha valoración, tanto grupal coma individual, da evolución académica do alumnado. Estas sesións estarán coordinadas polo titor/a e con presenza do equipo de orientación, e tratarán, cando menos:

- A madurez académica en relación ao desenvolvemento das competencias clave.
- A consecución dos obxectivos do nivel e/ou etapa.
- As posibilidades de progreso do alumno/a en niveis/etapas posteriores.
- A posibilidade de tomar medidas de apoio para aqueles alumnos/as que as necesiten.

Na seguinte táboa, recóllese a finalidade de cada unha das sesións de avaliación.

<b>Sesións de Avaliación</b>	
	<b>Carácter da avaliación.</b>
<b>Avaliación inicial</b>	Informativa, sobre as características do grupo e aspectos individuais a ter en conta: materias, medidas de apoio, atención específica,... Non ten peso na avaliación das materias (sen notas).
<b>1ª Avaliación</b>	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
<b>2ª Avaliación</b>	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
<b>3ª Avaliación/ Avaliación Final Ordinaria</b>	Decisiva respecto da promoción ou titulación. Para os que promocionen ou titulen con todas as materias aprobadas elaborárase o consello orientador correspondente.
<b>Avaliación Extraordinaria</b> (solo para os/as alumnos/as con algunha materia suspensa na Avaliación Ordinaria)	Decisiva respecto da promoción ou titulación. Independentemente da promoción ou titulación elaborárase o consello orientador correspondente.

#### **5.4.5. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

A avaliación dos/as alumnos/as da ESO e Bacharelato con materias pendentes realizarase en dous parciais e unha proba final, en datas non coincidentes coas avaliacións ordinarias. As datas destas probas serán fixadas dende a xefatura de estudos. Os/As alumnos/as recibirán un boletín que lles será entregado polo seu titor ou titora coa cualificación obtida.

Coa finalidade de lles facilitar a recuperación destas materias, os respectivos departamentos didácticos elaborarán os seus *plans de recuperación* dos que informarán ao alumnado a través do profesorado da materia que no presente curso lles imparta clase. Será ese profesorado ou o Xefe de Departamento os encargados de avaliala.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos, é dicir, as materias de continuidade, consideraranse como materias distintas.

Os resultados de todo este proceso serán reflectidos na avaliación final ordinaria, onde se fará constar a súa cualificación final.

#### **5.4.6. AVALIACIÓN COMPETENCIAS CLAVE.**

As competencias maniféstanse por medio das accións ou tarefas que realiza o alumnado nunha situación ou contexto determinado (desempeño da competencia). Esta concepción das competencias permite relacionalas e diferencialas en tanto que se traducen en desempeños observables. A observación e constatación da execución de tales accións (o desempeño) é o que debe ser valorado con arranxo a unha serie de indicadores, que conforman os criterios de avaliación.

Avaliar por competencias supón deseñar instrumentos nos que o estudante demostre con desempeños (evidencias) que pode realizar as tarefas da competencia esixida. Por iso, resulta imprescindible obter información tamén sobre o seu nivel de adquisición a partir da utilización de técnicas e observación baseadas no deseño de indicadores para cada unha das distintas dimensións (cognitiva, instrumental e actitudinal) das competencias.

Ao realizar unha avaliación das competencias desta maneira, débense considerar todas as dimensións da mesma, é dicir, os coñecementos que implican, as destrezas que deben desenvolverse e as actitudes do estudante en relación con esa competencia.

É evidente que o nivel de adquisición das competencias varía duns momentos a outros e dunhas persoas a outras. Dito doutro xeito, o desempeño que supón unha competencia pode executarse en distintos “graos de dominio”. Se un estudante domina unha competencia estará no grao máximo do seu desempeño. Establecer precisamente en que grao de dominio do desempeño correspondente á competencia está cada suxeito en cada momento é o que debe facerse cando avaliamos competencias.

Por iso, para cada competencia, é preciso gradar (poñer en escala) os distintos niveis do dominio do desempeño. A cada un deses niveis chámase “graos de dominio”. Grazas a esa gradación podemos coñecer en que medida o alumnado é competente nunha competencia determinada. É dicir, que carencias ten que superar para a adquisición total da mesma e que logros alcanzou xa. Isto permítenos saber o grao e/ou nivel exacto de consecución da competencia na que se atopa o alumnado.

O obxectivo é “escalar” os distintos graos de dominio. É dicir, poñer nunha escala eses graos en función dos logros que supón cada grao. É ao que se lle chama “escala de logro”. As escalas de logro exprésanse nuns instrumentos que son as rúbricas. Así pois, as competencias hai que entendelas como desempeños. Avaliar competencias é avaliar desempeños, que hai que gradalos en graos de dominio. Os distintos graos constitúen unha “escala de logro” do desempeño, que se materializa nun instrumento denominado rúbrica que contén indicadores para cada un dos graos da “escala de logro”.

Neste centro, para levar a cabo a avaliación das competencias clave, séguese o seguinte formulario:

CONSELLO                      ORIENTADOR                      EDUCACIÓN                      SECUNDARIA

OBRIGATORIA(Artigo 23 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

<b>DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A:</b>	
<b>APELIDOS:</b>	<b>NOME:</b>
<b>DATA DE NACEMENTO:</b>	<b>DNI/NIE:</b>
<b>CURSO ACTUAL:</b> 1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO <input type="checkbox"/>	

<b>TRAXECTORIA ACADÉMICA E PERSOAL:</b>	<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	REPETICIÓN: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> CURSO: 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º <input type="checkbox"/>
	<b>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>	REPETICIÓN: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> CURSO: 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
		MATERIAS PENDENTES: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> INDICAR CALES: ..... ..... .....
<b>CURSO ACTUAL:</b>		Asistencia a clase: Moi boa <input type="checkbox"/> Boa <input type="checkbox"/> Suficiente <input type="checkbox"/> Insuficiente <input type="checkbox"/> Medidas de atención á diversidade adoptadas: ■ Exención de 2ª Lingua Estranxeira (EX 2ªLE) <input type="checkbox"/> ■ Adaptación Curricular Significativa (ACS) <input type="checkbox"/> ■ Reforzo (RE) <input type="checkbox"/> ■ Apoio (AP) <input type="checkbox"/> ■ Agrupamento (AG) <input type="checkbox"/> ■ Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR) <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> .....
<b>INTERESES QUE MANIFESTA:</b>	Non seguir estudando <input type="checkbox"/> Seguir estudando <input type="checkbox"/> : ■ Na etapa <input type="checkbox"/> ■ No Bacharelato <input type="checkbox"/> ■ Na Formación Profesional <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Outros <input type="checkbox"/> .....	

O equipo docente, en sesión de avaliación coa data ..... tendo en conta a traxectoria académica e persoal do alumno/a, emite o seguinte informe:



GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:	<input type="checkbox"/> Non desenvolveu os obxectivos das distintas materias e non se aprecia madurez e posibilidades de alcanzar o grao esixido.	<input type="checkbox"/> Desenvolveu os obxectivos dalgunha das materias do curso, apréciase madurez e posibilidades de alcanzar o grao esixido	<input type="checkbox"/> Desenvolveu suficientemente todos os obxectivos das diferentes materias do curso	<input type="checkbox"/> Desenvolveu satisfactoriamente todos os obxectivos das diferentes materias do curso
-------------------------------------	--	---	---	--

GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS <sup>1</sup>				
Comunicación lingüística				
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e				
Competencia dixital				
Aprender a aprender				
Competencias sociais e cívicas				
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor				
Conciencia e expresións culturais				

1. NON CONSEGUIDO: Constancia clara e evidente de que non alcanzou o nivel esixido.
2. BAIXO: Alcanzou moi xustamente ou está en proceso de alcanzar o nivel esixido.
3. MEDIO: Nivel suficiente
4. ALTO: Destaca

OPCIÓN RECOMENDADA:	
Realizar o curso seguinte:	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Opción de Matemáticas en 3º ESO:	Mat. APLICADAS <input type="checkbox"/> Mat. ACADÉMICAS <input type="checkbox"/>
Opción Ensinanzas Académicas ou Aplicadas en 4º ESO:	Ens. APLICADAS <input type="checkbox"/> Ens. ACADÉMICAS <input type="checkbox"/>
Repetir curso:	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Medidas de atención á diversidade:	EX 2ªLE <input type="checkbox"/> ACS <input type="checkbox"/> AP <input type="checkbox"/> AG <input type="checkbox"/> RE <input type="checkbox"/>
Incorporarse a un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento:	2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/>

Incorporarse á Formación Profesional Básica:	<input type="checkbox"/>
Incorporarse ao Bacharelato:	<input type="checkbox"/>
Incorporarse a un Ciclo Formativo:	<input type="checkbox"/>
Outra opción:	

En ..... a .....de ..... de  
 .....

Titor/a:

Asdo

#### 5.4.7. RECLAMACIÓNS.

**RECLAMACIÓNS EN ESO E 1 BACHARELATO** (segundo o establecido nos artigos 38 e 39 da Orde ECD/13617/2015, de 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (BOE 9 de xullo 2015).

##### ARTIGO38

No caso de estar en disconformidade coa cualificación final obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión de promoción adoptada para un alumno o alumna, os pais nais ou titores legais poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, nun prazo de dous días lectivos a partir daquel que se produciu a súa comunicación.

No primeiro día lectivo, seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, cada Departamento didáctico procederá ao estudo das solicitudes de revisión recibidas e elaborará un informe no que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de modificación ou de ratificación da cualificación obxecto de revisión.

No proceso da cualificación final obtida nunha materia ou ámbito, os membros do Departamento constatarán as actuacións seguidas para levar a cabo o proceso de avaliación do alumno/a co establecido na programación didáctica do Departamento respectivo, con especial referencia aos seguintes aspectos:

- a) Adecuación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación do ámbito ou materia.

O departamento correspondente trasladará o informe elaborado á Xefatura de Estudos, quen comunicará por escrito ao alumno ou alumna e aos seus pais, nais, titores legais a decisión razoada da ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará da mesma ao profesor tutor ou titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado.

**ARTIGO 39. Procedemento de reclamación ante as Direccións Provinciais ou Consellerías de Educación**

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final do curso obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción adoptada polo equipo docente, o alumno ou alumna, os seus pais, nais, ou titores legais, poderán presentar por escrito a Dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir da última comunicación, reclamación ante as Direccións Provinciais ou Consellerías de Educación.

No prazo de quince días a partir da recepción do expediente, tendo en conta a proposta incluída no informe que elabora a Inspección educativa, a Dirección Provincial ou Consellaría de Educación adoptará a resolución pertinente.

### **RECLAMACIÓNS EN SEGUNDO DE BACHARELATO.**

As seguintes instrucións réxense pola Orde do 22 de Abril de 2010 que establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas en segundo de Bacharelato.



### **Paso 1**

O alumno/a que non estea de acordo coa cualificación final en calquera das materias de segundo Bacharelato poderá presentar na dirección do centro unha reclamación por escrito nos dous días seguintes á publicación das cualificacións.

O departamento da materia en cuestión, unha vez analizada a reclamación, ratificará ou modificará a nota da materia. Esta resolución do departamento será entregada ao alumnado por parte da dirección do centro que establecerá unha data para a entrega aos interesados/as desta resolución final, de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada. No devandito acto, o alumno ou alumna, ou os seus representantes legais asinarán unha copia da resolución na que se fará constar a data e a hora da entrega.

### **Paso 2**

No caso de que o alumno ou a alumna non estivese conforme coa resolución presentada polo departamento da materia suspensa poderá solicitar por escrito que a dirección do centro remita o seu expediente de reclamación ao presidente da comisión de supervisión. Esta solicitude debe facerse nun prazo de 24 horas contadas desde a notificación de mesma.

## **5.4.8. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.**

### **A. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

#### **PROMOCIÓN.**

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de:

- superaren todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

**De forma excepcional**, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

**Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional** a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

#### **OBSERVACIÓNS:**

1ª O alumno ou a alumna que non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se produza en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando Educación Secundaria Obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

2ª As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

#### **TITULACIÓN.**

Obterá o título de graduado en ESO o alumnado que ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria teña:

- Avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
- Aquele alumno/a que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

#### OBSERVACIÓNS:

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

#### **B. BACHARELATO.**

##### **PROMOCIÓN.**

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de Bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de Libre Configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. *Sen superar o prazo máximo de catro anos para cursar o bacharelato, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.*

Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

## **TITULACIÓN.**

Para obter o título de Bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Ao rematar o segundo curso de Bacharelato, o alumnado deberá ter cursado e superado todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade (ou itinerario) pola que remata; catro materias de opción do bloque de materias troncais das que, alomenos, tres deben ser da modalidade pola que remata e das cales dúas serán do segundo curso; a materia de Educación Física, a materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura e un mínimo de catro materias do bloque de materias específicas, das cales dúas serán de primeiro e dúas de segundo.

### **5.4.9. ESTRATEXIAS PARA ACCEDER AOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.**

Debemos ter claro que os contidos que impartimos son unha ferramenta máis coa que conseguir que o noso alumnado adquira unas capacidades de traballo e desenvolva as competencias clave. Para iso, non podemos centrarnos só en avaliar contidos, senón que tamén debemos avaliar o grao de consecución do alumnado nas diferentes competencias clave. Para lograr isto, debemos establecer nas nosas programacións os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que imos utilizar e todo isto relacionado cos contidos que se traballen na aula.

Co fin de facilitarnos esta avaliación, todas as programacións didácticas indicarán para cada materia a “**Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais**” conseguindo deste xeito ter moi claro o que se vai traballar e avaliar en cada competencia clave.

#### **5.4.10. PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.**

Remitimos ás programacións dos departamentos docentes que son os encargados de determinar segundo as características propias da materia e do alumnado, as diferentes formas de atender ao alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

#### **5.5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

Os elementos transversais aparecen enunciados e regulados nas súas liñas xerais no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 4, o Decreto 86/2015 do 25 de xuño dispón:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarán en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade entre homes e mulleres e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación ou violencia.

As programacións docentes deben abranger, en todo caso, a prevención de calquera tipo de violencia (de xénero, terrorista...), de racismo ou xenofobia, incluíndo o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

En consecuencia, de acordo co establecido no Decreto, o tratamento dos elementos transversais aparece concretado nas programacións didácticas dos departamentos, e será o profesorado que imparte a materia, ben individualmente ou coordinado en grupo, o encargado de desenvolver o programa referente aos temas transversais contemplado no currículo e expresado nos obxectivos xerais da ESO e do Bacharelato.

Ademais deste plano de concreción curricular, ao tratarse os elementos transversais dun principio integrador que percorre todas as esferas da vida do centro, o seu tratamento adquire especial importancia nos planos de actuación que a continuación se enuncian:

A acción tutorial e a orientación do alumnado.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no seu Artigo 16, punto 4, establece:

“A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.”

Deste modo a acción de orientación desenvolvida tanto polo titor/titora como polo Equipo de Orientación amósanse claves para o desenvolvemento do alumnado na adquisición de competencias, actitudes e hábitos acordes cos principios e valores que sustentan o noso sistema educativo e, en consecuencia, os que teñen que ver cos elementos transversais.

Neste plano, hai que facer referencia ao Plan de Acción Titorial orientado a traballar de forma específica nas sesións de titoría co grupo os temas transversais, desde técnicas de estudo ou uso eficaz e responsable das tecnoloxías ata o respecto á diversidade ou a violencia de xénero.

Commemoracións do centro.

De conformidade co establecido no calendario anual, durante o curso escolar celebraranse obrigatoriamente determinadas conmemoracións, nas que o tratamento dos temas transversais se fai necesario.

Na Orde do 28 de maio de 2018, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19, indica que as datas a celebrar son:

- 20 de novembro de 2018: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2018: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 3 ao 10 de decembro de 2018: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2018: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2018: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2019: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2019: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2019: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 11 ao 15 de marzo de 2019: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2019: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 23 e o 26 de abril de 2019: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2019: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2019: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2019: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2019: Día Mundial do Medio Ambiente.



A estas datas hai que sumar outras que se celebran de forma voluntaria como pode ser O Día de Rosalía (24 de febreiro) ou as efemérides relacionadas con todo tipo de obras, autores, descubertas, feitos históricos etc.

A Semana Cultural.

Todos os anos se organiza no centro unha **Semana Cultural**, con obradoiros, charlas e todo tipo de actividades: cursos de primeiros auxilios, charlas de seguridade en redes sociais, cursos de afectividade e igualdade, obradoiros de economía e desenvolvemento do espírito emprendedor, educación cívica, coeducación viaria etc.

A Semana Cultural celébrase regularmente no mes de marzo.

A atención ao alumnado

O tratamento dos elementos transversais é un principio organizador que debe rexer a vida do centro, por iso debe estar presente na atención ao alumnado en todas as súas vertentes, tanto no que atinxe á atención da diversidade, sobre todo de alumnos/as con necesidades educativas específicas, como na resolución de conflitos.

Programas educativos

A. O Proxecto Lector do centro.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño no seu Artigo 38, referido a Bibliotecas Escolares e Lectura, establece:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual.

3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a esta teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do Proxecto Lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes,



a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

O plan lector do centro concrétase, entre outras propostas, en facer 15 minutos de lectura todos os días nos distintos cursos e no fomento dos Clubs de Lectura

## B. Educación Dixital

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño no seu Artigo 39, referido á Educación Dixital, establece:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nunha contorna dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería con competencias en materia de educación, segundo o procedemento que se estableza.

### C. Promoción de estilos de vida saudable

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño no seu Artigo 40, referido a Promoción de estilos de vida saudable, establece:

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.

2. Os centros docentes desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

4. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou a especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

## **5.6. CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS E/OU MATRÍCULAS DE HONRA.**

Ó alumnado de 4º ESO e 2º Bacharelato poderáselle outorgar matrículas de honra segundo os seguintes criterios.

### **4º ESO.**

Os criterios para a concesión das mencións de matrículas de honra en 4º ESO rexeranse pola RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria.

No seu capítulo II di:

“Artigo 13. Matrícula de honra.

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 % ou fracción

resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme os criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

Se o alumnado que cumpre os requisitos anteriores supera o 5% do total do curso, aplicaranse os seguintes criterios nesta orde ata desfacerse o empate:

- Maior nota media en 4º de ESO
- Maior nota media en 3º de ESO
- Maior nota media en 2º de ESO
- Maior nota media en 1º de ESO

## **2º BACHARELATO.**

Os criterios para a concesión das matrículas de honra no Bacharelato réxense pola *ORDE do 5 de maio de 2011* pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

“Artigo 9. Nota media.

A nota media do bacharelato será a media aritmética de todas as materias, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Artigo 10. Matrícula de honra.

1. Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.”

En caso de que o alumnado que cumpran os requisitos anteriores supere o 5% do total do curso, aplicaranse os seguintes criterios nesta orde ata desfacerse o empate:

- Maior nota media en 1º de Bacharelato

- Maior nota media en 4º de ESO
- Maior nota media en 3º de ESO.
- Maior nota media en 2º de ESO
- Maior nota en 1º de ESO

## **5.7. OFERTAS DE MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN.**

Segundo o recollido no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Eduación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e tal como se recolle nas seguintes ordes: Orde do 13 de xullo de 2016, Orde do 3 de agosto de 2017 e Orde do 7 de agosto de 2018. para a ampliación das materias de libre configuración, o noso centro educativo oferta as seguintes materias:

### **1º ESO:**

- Paisaxe e sustentabilidade
- Obradoiro de música
- Educación financeira
- Valores democráticos europeos

### **2º ESO**

- Obradoiro de instrumentos musicais (propia do centro)
- Orquestra de frautas e percusión (propia do centro)
- Promoción de estilos de vida saudables
- Programación

### **1º BACH**

#### **MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN MATERIAS ESPECÍFICAS**

- Coeducación para o século XXI Análise musical I
- Robótica Anatomía aplicada
- Antropoloxía Cultura científica
- Debuxo artístico I

- Linguaxe e práctica musical
- Segunda Lingua Estranxeira
- Tecnoloxía Industrial I

### **2º BACH**

- Electroténia
- Ética e filosofía do dereito
- Filosofía da ciencia e da tecnoloxía
- Métodos estatísticos e numéricos
- Patrimonio artístico e cultural de Galicia
- Xeografía e historia de Galicia
- Literatura Galega do século XX
- Lóxica formal (propia do centro)
- Deseño e impresión 3D (propia do centro)

As materias de libre configuración autonómica debará contar cun número mínimo de 10 alumnos/as para ser impartidas. Coa finalidade de atender á diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse con 5 alumnos/as, sempre con carácter extraordinario e coa autorización de Inspección Educativa.

### **5.8. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO EXENTO DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.**

Segundo a Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, o alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, así como na área de matemáticas poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. A persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, realizará un informe no que fará explícito o motivo da medida adoptada. A competencia da decisión recaerá na Dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores legais do alumnado afectado pola medida. O alumnado recibirá reforzo educativo naqueles

aspectos en que se detectasen as dificultades. O plan de reforzo deberá ser establecido polos departamentos das materias lingüísticas afectadas ou das materias nas que presente desfase curricular. O reforzo afectará a secuencia e organización de contidos, secuencia e tipo de actividades, e ao agrupamento de alumnos; co obxectivo de que o alumno/a mellore na adquisición de competencias clave, principalmente a competencia en comunicación lingüística e competencia matemática. O alumnado será valorado de xeito cualitativo no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo, con esa finalidade potenciaráse a coordinación entre o profesorado da área e as persoas docente de Pedagogía Terapéutica e orientadora.

### **5.9. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA O ALUMNADO EXENTO DE LINGUA GALEGA.**

Segundo a Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de maio con relación á exención da materia de lingua galega. O Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios se se dá a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a xustificación da exención encontre fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación “ex novo” ao sistema educativo de Galicia.

b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.

c) Que a incorporación “ex novo” ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de Educación Primaria, ou na Educación Secundaria Obrigatoria ou no Bacharelato. A exención do estudo da materia de lingua galega nos estudos non universitarios, non se pode estender a aqueles supostos nos que o alumnado que realizou estudos en Galicia curse fora da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore posteriormente ao sistema educativo galego, xa que nese caso a volta ó sistema educativo en Galicia non pode interpretarse como unha incorporación “ex novo”, se non coma unha reincorporación para a que non está prevista a exención. A orde do 10 de febreiro de 2014 desenvolve os distintos supostos excepcionais nos que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega na ensinanza non universitaria e regula o procedemento e os prazos para solicitar a exención.

## **6. MEDIDAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.**

### **6.1 PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Entendemos a atención á diversidade como un conxunto de accións educativas, que nun sentido amplo, intentan previr e dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro.

En Galicia, tomamos como referencia legislativa o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade na nosa comunidade autónoma e no que se recolle a definición de Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) como un documento no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Así mesmo, en dito decreto especificábase que os responsables da elaboración deste plan serán os departamentos de orientación de acordo coas directrices da CCP.

Tendo en conta o exposto, en xuño de 2016 levouse a cabo a actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES Agra de Raíces. Nel aparecen recollidos todos os puntos establecidos no decreto mencionado. Este plan foi aprobado polo consello escolar, a proposta do claustro do profesorado, formando a pasar parte do PEC.

Do mesmo xeito, ao inicio de cada curso escolar elabórase a proposta de concreción anual de dito plan adaptado ao alumnado e ás necesidades de cada curso escolar.

Ver ANEXO Plan Xeral de Atención á Diversidade

### **6.2 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.**

No sistema educativo actual a orientación artículase en tres niveis, sendo o primeiro deles a acción titorial que podemos definir como a acción orientadora máis directa co alumnado. Dita acción operativízase e artículase a través do PAT que é o documento que regula a acción orientadora levada a cabo polo profesorado titor de acordo coas características propias do seu centro e as necesidades específicas do seu grupo de alumnos e alumnas.

No noso centro elaborouse un Plan de Acción Titorial que inclúe, ademais dunha contextualización e dun marco legislativo de referencia, os obxectivos, actuacións, recursos e a programación da acción titorial adaptada ás características e peculiaridades do IES. Así mesmo, este documento estará suxeito a un proceso de avaliación continua levada a cabo, sobre todo, polo departamento de orientación, as persoas titoras e a xefatura de estudos, co fin de realizar as modificacións e melloras que sexan necesario.

Ver ANEXO Plan de Acción Titorial

## **7. PLANS, PROXECTOS E OUTRA DOCUMENTACIÓN.**

### **7.1. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.**

O documento de Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia ten por obxecto concretar e desenvolver as normas básicas de convivencia e as canles de participación e información dos diferentes membros da comunidade educativa (alumnado, pais e nais ou titores legais, profesorado e persoal de administración e servizos) así como regular o uso adecuado das dependencias e materiais do centro.

Neste IES o NOFC foi aprobado o 30/06/2009 e foi modificado varias veces nos cursos seguintes para ir adaptándoo á nova lexislación (Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 que a desenvolve; e a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa). As últimas actualizacións fixéronse no curso 2016/2017.

O NOFC é difundido entre todos os membros da comunidade educativa a través da páxina web do Centro e taboleiro da sala de profesores.

O NOFC é de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa. O Equipo directivo, o Claustro de profesores e o Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia velarán para que isto se cumpra.

Véxase Anexo.



## 7.2. PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia dun centro é o documento que recolle as medidas necesarias que articula o propio centro para fortalecer a convivencia no mesmo, de xeito que se melloren as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e se fomente a prevención e resolución de conflitos que se poidan presentar. No IES Agra de Raíces foi elaborado en xuño de 2017.

Un plan de convivencia debe presentar as seguintes características:

1. Útil: para que axude a mellorar as relacións na comunidade educativa.
2. Práctico: para que facilite a comunicación.
3. Realista: que se adapte ás necesidades e características do centro, con obxectivos claros, consensuados e coherentes.
4. Dinámico: debe estar en proceso continuo de reflexión (elaboración, execución, revisión e novos plantexamentos).
5. Público: debe ser coñecido por toda a comunidade.

Ver ANEXO Plan de Convivencia

### 7.2.1. Protocolos de actuación.

Os centros educativos deben ser espazos seguros para a aprendizaxe dunha convivencia baseada na equidade e a xustiza cun enfoque de dereitos humanos e libres de toda forma de violencia e discriminación, nos que se xeren oportunidades de desenvolvemento integral, rexéitese a exclusión, e desta maneira construír e fortalecer unha cultura de paz. Por conseguinte é necesario contar con ferramentas para atender as situacións excepcionais que poidan presentarse no eido educativo: os Protocolos de Actuación.

Estes protocolos constitúen unha ferramenta sinxela e práctica que busca apoiar aos propios estudantes en primeira instancia e á comunidade educativa en xeral, para que se poidan enfrontar mellor estas situacións excepcionais. Trátase dunhas propostas articuladas de atención que permite guiar as accións para intervir e minimizar as consecuencias das distintas formas de risco, exclusión, desigualdade, violencia, etc. que poidan darse no centro educativo, concentrándose nos pasos esenciais para enfrontalas e propiciar un espazo para a educación

para a vida e para a convivencia. Deste xeito tendo os procedemento regrados, desde o propio centro educativo poderase seguir un determinado protocolo facilitando a intervención segundo as necesidades específicas, de modo pautado e áxil ao tempo que eficaz, e así poder adoptar as medidas concretas orientadas para subsanar as situacións excepcionais de convivencia entre o alumnado. É imprescindible contrastar a información procedente de varias fontes: observación directa e vixilancia, profesorado, alumnado e familias, para cada situación concreta, sempre esixindo un alto grao de confidencialidade e coa debida discreción, favorecendo unha intervención rápida e efectiva.

- 8.1. [Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.](#)
  - 8.2. [Protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e do ciberacoso.](#)
  - 8.3. [Protocolo para a Prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.](#)
  - 8.4. [Protocolo de consenso sobre TDAH, na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios.](#)
  - 8.5. [Protocolo de atención educativa domiciliaria.](#)
  - 8.6. [Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.](#)
  - 8.7. [Protocolo de tratamento educativo do alumnado con TEA.](#)
  - 8.8. [Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#)
  - 8.9. [Protocolo de protección de datos.](#)
  - 8.10. [Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.](#)
  - 8.11. [Protocolo discapacidade auditiva.](#)
  - 8.1.2. Protocolo de consenso para a sensibilización en igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero na educación en Galicia.
- Para acceder a estes protocolos ir a: [www.educonvives.gal](http://www.educonvives.gal)

### **7.3. PROXECTO LINGÜÍSTICO.**

O Proxecto Lingüístico do centro ten como finalidade cumprir o Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O equipo directivo, coa colaboración do profesorado, actualizou o proxecto Lingüístico en 2017, seguindo a lei orgánica da mellora educativa, o cal ten unha vixencia de catro anos.

Anualmente elabórase unha addenda, aprobada na CCP, na cal constan a distribución lingüística por materias e niveis

*Véxase Anexo*

#### **7.4. PROXECTO LECTOR.**

Co fin de facer unha avaliación actualizada da competencia lingüística, hábitos lectores e uso da biblioteca do alumnado e o profesorado do IES "Agra de Raíces", durante febreiro de 2019 realizáronse enquisas, xa utilizadas polos encargados das bibliotecas en diferentes momentos, tras proceder agora á súa revisión e actualización.

*Véxase Anexo.*

#### **7.5. PROXECTO DE PROMOCIÓN E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES.**

A adquisición de hábitos prexudiciais para a saúde nas sociedades “avanzadas” supón un incremento nos índices de obesidade e sedentarismo ata niveis alarmantes así como diversas patoloxías e doenzas que poden implicar, en última instancia, a morte prematura. As institucións nacionais e internacionais máis importantes no eido da saúde alertan destes comportamentos nocivos e destacan a importancia de abordar este problema desde idades cada vez máis temperás.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de libre configuración autonómica. En virtude da citada habilitación normativa inclúese a materia “Promoción de Estilos de Vida Saudables” que ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física, da dieta desequilibrada e daqueles outros hábitos opostos a unha forma de vida sa, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan interiorizar e adquirir uns patróns de conduta saudables que perduren no tempo.

No IES Agra de Raíces estamos plenamente concienciados con este problema e pensamos que podemos achegar parte dos recursos necesarios para atallalo. Desde o Departamento de Educación Física impartimos en 2º ESO a materia Promoción de Estilos de Vida Saudable e formamos parte do “Programa de saúde escolar”. A materia supón un necesario complemento da propia Educación Física que, parecéndonos insuficiente en número de horas lectivas, cremos conveniente completar cunha serie de actividades ao longo do curso escolar en prol desta filosofía de vida que queremos inculcar no noso alumnado e por defecto nas súas familias. Cabe destacar, ademais, a colaboración con outros departamentos (Vicedirección, Normalización Lingüística, Relixión, entre outros) na programación das actividades lúdicas e culturais realizadas.

Pasamos a detallar as actividades de formación:

1. Competición escolar de campo a través (1º ESO).
2. Patinaxe sobre xeo (2º ESO).
3. Actividades na natureza: saída ao Monte Pindo (3º, 4º ESO e 1º BACH).
4. Camiño de Santiago (1º BACH).
5. Xogos tradicionais no Magosto, Entroido, Semana Santa (Todos os niveis).
6. Campionatos deportivos de fútbol sala.
7. Semana branca e viaxe a Andorra (1º BACH).
8. Semana Cultural: presentación de diversas actividades (zumba, bailes de salón e defensa personal) en colaboración coa empresa Dafit. (2º, 3º, 4º ESO).

A maioría das actividades desenvólvense grazas á colaboración das empresas da contorna e das familias do alumnado.

## **7.6. PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TIC OU PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.**

O IES Agra de Raíces de Cee aposta por promover e impulsar no seu alumnado as coñecidas vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas). Para lograr este obxectivo trabállase con metodoloxías activas e participativas, dirixidas fundamentalmente ao desenvolvemento do espírito crítico, dentro do ámbito da investigación, onde os alumnos e

alumnas do centro, que está situado nun ámbito rural, mediante experimentos e razoamentos rigorosos, poderán observar e interpretar os principios fundamentais das vocacións STEM, que serán a panca para o desenvolvemento social e económico do futuro próximo, e son estes estudos os que está demandando a sociedade actual.

Durante estes últimos cursos estanse desenvolvendo diversos proxectos onde unha gran parte de profesorado e alumnado do centro está involucrado. A nosa maneira de potenciar estas calidades tan requiridas na sociedade actual e no futuro inmediato é mediante as seguintes actividades:

- Ofertar a materia de Libre Configuración "Programación" en 2º da ESO. Materia moi demandada este curso escolar, xa que contamos con dous grupos.

- Ofertar a materia de Libre Configuración en 1º Bacharelato "Robótica", onde temos un grupo de alumnos/as.

- Ofertar a materia de Libre Configuración "Impresión 3D", en 2º de Bacharelato, formando dous grupos bastante numerosos.

- Desenvolver nos recreos sesións de "Robótica recreativa" na Biblioteca para o alumnado da ESO. Nestas sesións danse nocións básicas para que o alumnado da ESO comecen a ter contacto con estes dispositivos. A actividade está tendo moi boa acollida, tendo en conta que se realiza no tempo de ocio do alumnado, quen participa voluntariamente na mesma.

- Durante a Semana Cultural, que se realiza todos os anos no centro, apostamos polo fomento das STEM, realizando pequenos proxectos interdisciplinares nos talleres de Tecnoloxía, Física e Matemáticas. Ademais das distintas charlas e saídas que se organizan para o coñecemento e divulgación de proxectos presentados por outras institucións.

Este curso escolar, e por primeira vez, un grupo de profesores/as e alumnos/as teñen a posibilidade, a través do o Club de Ciencia, seguir traballando nesta liña, a través do método científico (observación, formulación de hipóteses, experimentación, conclusións, comparación e divulgación...).

- Realizar saídas extraescolares, organizadas polos distintos departamentos do ámbito científico-tecnolóxico e coordinadas pola Vicedirección do centro, a feiras ou exposicións

relacionadas coas STEM para fomentar a curiosidade do noso alumnado e o seu espírito crítico e empírico.

A competencia dixital implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

O centro conta cun plan TIC, co que se pretende adquirir unha total competencia dixital, valorar fortalezas e debilidades dos sistemas tecnolóxicos, formar ao alumnado na procura de información e o uso responsable de internet, fomentando a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das novas tecnoloxías.

Ademais o noso centro incorporouse ao Proxecto Abalar da Consellería de Educación e Ordenación universitaria durante o curso 2010-11. Dito proxecto estase desenvolvendo nas tres aulas de 1º da ESO e nas outras tres de 2º da ESO.

Todas as aulas de 3º e 4º de ESO, 1º Bacharelato e 2º Bacharelato están dixitalizadas e dotadas co seguinte equipamento:

- Ordenador .
- Proxector de parede.
- Encerado dixital interactivo.
- Altofalantes.
- Caixa de conexións de audio, vídeo e rede.

Todas as aulas específicas contan con ordenador, proxector pantalla así como a biblioteca escolar.

A aula virtual conta actualmente con todo o alumnado do centro inscrito e cunha ampla porcentaxe de profesorado.

O Plan de Formación Permanente do Profesorado desenvolvido nos últimos cursos fixo que o profesorado se involucrase no uso das ferramentas de intercambio, da páxina web e da aula virtual do centro contando agora cunha formación excelente nunha porcentaxe moi alta dos docentes.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- Continuar incorporando as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Acadar unha maior competencia dixital.

- Facer uso das ferramentas de intercambio de información entre profesor/a - alumno/a, profesor/a-titor/a e profesor/a-equipo directivo.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de información e comunicación.
- Fomentar o uso da aula virtual do centro como recurso educativo facendo partícipe a todos os membros da comunidade educativa
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo.
- Favorecer a formación do profesorado no eido das TIC.

### **OBXECTIVOS CONCRETOS RELACIONADOS CO ALUMNADO.**

- Adquirir unha total competencia dixital.
- Valorar fortalezas e debilidades dos sistemas tecnolóxicos.
- Formar ao alumnado na procura de información e uso responsable de internet.
- Fomentar a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das novas tecnoloxías.
- Respectar os principios éticos no seu uso.
- Potenciar actividades de participación do alumnado a través da páxina web para introducir ó alumnado no seu uso habitual.
- Saber usar e procesar información de maneira crítica e sistemática.
- Facer uso da páxina web como aloxamento de materiais informativos e pedagóxicos para uso do alumnado e familias: programacións, boletíns de traballo....
- Extraer información a través de internet como experiencias interesantes para adquirir novas ideas.
- Participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración co alumnado a través da aula virtual.
- Espertar o interese polas TIC e o seu uso correcto.
- Utilizar programas ou sitios web que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas



- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo.
- Facer uso da aula virtual en todos os niveis educativos potenciando así a autonomía do alumnado en relación aos materiais e recursos que alí se aloxan.

## **METODOLOXÍA E USO**

Todos os docentes usan a diario os equipamentos tecnolóxicos nas súas aulas e materiais dixitais, así como para a introdución de datos no XADE ou como intercambio de información. Neste aspecto cada docente emprega os seus recursos coa metodoloxía elixida en cada caso.

Así mesmo faise un uso moi elevado das aulas de Informática, TIC, Audiovisuais ou Biblioteca por teren mellores instalacións e ordenadores de uso para o alumnado.

O uso da aula virtual omenta unha metodoloxía cunha aprendizaxe autónoma por parte do alumnado, servindo ao profesor/a como guía e a plataforma como recurso.

## **AVALIACIÓN**

O equipo de dinamización das TIC fará unha avaliación continua do uso das mesmas para así chegar a adquirir unha excelente competencia dixital. Durante este proceso iranse detectando posibles incidencias que se intentarán solucionar procurando unha mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **7.7. PLAN PROXECTA E CONTRATOS PROGRAMA.**

En relación cos programas de innovación educativa e xa dirixidos ao alumnado, o centro está inscrito no **Plan Proxecta**, unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias claves como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Traballamos os seguintes programas:



- “Proxecto didáctico Antonio Fraguas”. Co título "Puntos de interese paisaxístico, botánico, etnográfico, xeolóxico..., dende o Concello de Cee ata o de Muros. Este programa vai dirixido aos alumnos/as de 1º de Bacharelato.
- Co proxecto "Por 365 días de respecto e igualdade" preténdese concienciar máis activamente ao alumnado sobre a eiva social que supón a violencia de xénero. Búscase, pois, que os rapaces leven adiante un labor de información, prevención e en definitiva, de implicación na busca de solucións ao problema. Este Programa vai dirixido aos alumnos/as de 4º da ESO.
- E por último, continuamos co programa Correspondentes Xuvenís, que pretende promover o voluntariado e a difusión de información xuvenil por parte dos alumnos/as dos centros educativos entre os seus compañeiros/as, favorecendo a participación e a madurez persoal e fomentando unha educación en valores para pensar e desenvolver o espírito crítico. Está dirixido ao alumnado de 4º da ESO 1º de Bacharelato.

En relación cos **Contratos Programa**, seguindo a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, o IES Agra de Raíces buscará potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a matemática, así como a mellora da convivencia nos centros e a prevención das desigualdades entre mulleres e homes. O fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Preténdese, en resumo, analizar as fortalezas e debilidades do IES Agra de Raíces e propoñer medidas específicas de actuación e, por outra banda, que a Administración educativa proporcione os recursos necesarios para o desenvolvemento de proxectos realistas nos que participe a comunidade educativa e as institucións da contorna.

Durante este curso escolar ofrecemos o seguinte Contrato Programa:

7. Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO e formación profesional básica. Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo.

Pero temos previsto ofertar outras modalidades segundo as necesidades do centro.

## **8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO.**

O alumnado de Ciclos Formativos realiza a formación en centros de traballo en dous períodos: ordinario (setembro - decembro) e extraordinario (xaneiro - abril).

Agora mesmo están matriculados un total de 16 alumnos que distribúen a súa formación no Virxe da Xunqueira de Cee e o CHUAC de A Coruña e CHUS de Santiago.

No período extraordinario estímase que se matriculen un total de 12 persoas. Prevese que todos eles fagan as prácticas no DOMUSVI, APEM e en Clínicas Dentais.

## **9. APROBACIÓN, DIFUSIÓN E AVALIACIÓN DO PEC COA SÚA TEMPORALIZACIÓN.**

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Claustro e Consello Escolar do día 27 de xuño, quedando derogado o anterior. O Proxecto Educativo debe ser revisado e avaliado anualmente de forma paralela ao do Plan de Mellora e á elaboración da Memoria Anual para comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e analizar o desenvolvemento das actividades programadas, así como para facer as modificacións pertinentes. A avaliación realizarase anualmente de forma paralela á da elaboración da Memoria Anual.

O Proxecto Educativo do IES Agra de Raíces será accesible a calquera membro da súa comunidade escolar. O equipo directivo encargarase de dar a máxima publicidade posible ao Proxecto Educativo entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais e nais, as titorías de alumnos, etc., par. Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar. A aprobación dunha modificación precisará da maioría simple do consello escolar. As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado, seguindo este procedemento:

O día ....., o Consello Escolar do IES Agra de Raíces acordou  
modificar o/s punto/s..... do Proxecto Educativo  
aprobado en data ..... quedando a súa redacción como segue:

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....